

a voz do pobo

iProletarios de tódolos
países, unídevos!

ORGANO DO COMITE CENTRAL DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

N.º ESPECIAL

XULIO DE 1980

25 Ptas.

25 DE XULIO

EN VIGO, A CORUÑA, O GROVE E RIBEIRA

POLO NON O ESTATUTO DA UCD

**ACTOS CONVOCADOS POLO PCG EN DEFENSA DE UNHA AUTENTICA
AUTONOMIA DE GALICIA, CA PARTICIPACION DE ANTONI GUTIERREZ
(PSUC), FERNANDO SOTO (PCA) E XULIO ANGUITA, ALCALDE DE CORDOBA.**

SIÑIFICADO E HISTORIA DUNHA DATA

Hai 60 anos que as Irmandades da Fala celebraron por primeira vez o 25 de Xulio festa de Santiago, de xeito civil, como Día de Galicia. Primo de Rivera prohibe, en 1923, o uso da bandeira e escudo de Galicia, reservando exclusivamente o 25 de Xulio, na súa vertente política, para conmemoración de Santiago, como patrón de España. Baixo o franquismo esta foi tamén a exclusiva dimensión política que tivo o 25 de Xulio (se exceptuamos á Galicia emigrante), deica fins dos anos 60. Perante a II República acadará o Día Nacional de Galicia a súa máxima riqueza simbólica.

As circunstancias políticas fixeron que a festa patriótica se celebrase máis fóra que dentro de Galicia, o que non contribuíu á súa consolidación e arraigo popular como Festa Maior dos galegos e, mesmo, como xornada reivindicativa nacional, a diferenza co que aconteceu co Aberti Eguna e o 11 de Setembro catalán.

A desaparición nos anos 40 do Partido Galeguista, impulsor na década anterior do Día de Galicia, xunto coa ruptura da vontade unitaria (que orientou o Partido de Castelao) por parte do nacionalismo organizado na derradeira fase da ditadura —a postura contraria á unión dos galegos do BN-PG e doutras forzas en relación co 25 de Xulio e demais aspectos da política galega, é conocida— ademais das dúbidas que arrodearon a data, explican o carácter de celebración de partido que tivo, nos derradeiros anos, a reaparición do 25 de Xulio.

A Federación de Sociedades Galegas, en 1925, a Sociedade de Pondal e os nacionalistas galegos en Arxentina, en 1930, trasladan o Día de Galicia ó 17 de Decembro, cabodano da execución de Pardo Cella en 1483 polos Reis Católicos por non compartir a opinión de que o Día de Galicia coincida cunha festa relixiosa.

A Real Academia Galega instituíu o 17 de Maio, en 1963, o Día das Letras Galegas; xornada que asume o contido de día da nosa fala que tivera o 25 de Xulio, por exemplo, en 1930 a proposta de Irmandades da Fala.

En 1970 o PCG promove desde a ilegalidade o 26 de abril, Día dos Mártires de Carral.

En 1973, CC.OO. de Galicia, enceta a conmemoración do 10 de Marzal, Día da Clase obreira galega, un ano despois da folga de Ferrol.

pasa á páx. 2



**Manifestacións o día 25
EN DEMANDA DA INMEDIATA
LIBERACION DOS MARIÑEIROS
APRESADOS.**

**14 Víctimas mais da Política da
UCD**

Do 25 de Xulio do 79 ao 25 de Xulio do 80

O tempo transcurrido dende a pasada celebración do 25 de Xulio a hoxe, estivo marcado por importantes acontecementos pra Galicia, pra España e a nivel internacional.

Tamén na vida do PCG e PCE produxéronse feitos decisivos, así como no movemento obreiro e campesino, e na actividade municipal e parlamentaria.

Algunhos dises feitos recóllense nos diversos traballos con que se compón iste número especial de A VOZ DO POBO.

De outros fábase nestas líneas. Moitos máis quedan fora das posibilidades e pretensións nosas. Metidos xa nas vacacións, pode ser unha boa oportunidade pra axudar a reflexión.

VIDA DO PARTIDO

A Festa do PCE 1979 que é a festa dos pobos de España, celébrase con renovada brillantez. E o feito de masas cultural-político-festivo mais importante que se dá en España, a pesar de que os medios de comunicación, e especialmente Televi-

sión Española traten de minimizalo ou ignoralo.

Novas eleccións municipais en Lugo. O PCG, que nas anteriores non lograra representación no axuntamento, saca dous concellales, con un incremento do 20 por 100 dos votos.

O PCG elixe no mes de nadal o seu novo Secretario Xeral, recaendo a elección en Anxel Guerreiro. Niste mesmo mes remodelábase o Comité Central, Comité Executivo e Secretaria. Os días 26 e 27 de xaneiro celébrase na Illa de Arousa a II Conferencia Nacional do PCG baixo o lema da Reconstrución Nacional de Galicia. Asiste Santiago Carrillo, que participa nun mitin público.

Coincidindo cas datas da conferencia, teñen lugar en Madrid as Xornadas de Emigración do PCE, con importantes aportacións pro estudio de un tema de tanta importancia pra Galicia.

O día 10 de maio de 1980 celébrase un multitudinario mitin na Plaza das Ventas de Madrid, dentro dos actos conmemorativos do 60 aniversario do PCE ca participación de Enrico Berlinguer e Santiago Carrillo.

Mundo Obrero diario vese obrigado a suspender a súa edición durante o vran.

GALICIA

A UCD, en solitario, aproba no mes de novembro un Estatuto que recibe o fulminante rechazo da sociedade galega, que nas horas seguintes se expresa con concentracións, manifestacións e peches nos axuntamentos. Miles de bandeiras galegas aparecen nas cidades con crespóns negros. Alcaldes, concellales, partidos e sindicatos proclaman o día 22 como Xornada pola Dignidade Nacional de Galicia.

O 4 de nadal, decenas de miles de galegos maniféstanse en diversos puntos de Galicia en favor de unha auténtica autonomía e contra o Estatuto da UCD.

O estudiantado galego recupera a súa combatividade con masivas mobilizacións contra a política educativa do Goberno, que se concreta na Lei de Autonomía Universitaria e na de Centros Escolares.

O 13 de maio de 1980 ffr-mase o Pacto Municipal entre PCG, PSOE e UG.

MOVIMENTO OBREIRO

O agravamento da crisis económica, cas súas secuelas de paro, regulacións, expedientes de crisis, están no centro das preocupacións dos traballadores niste período. Ca oposición dos

comunistas apróbase o Estatuto dos Traballadores. CC.OO. rechaza o Acordo Marco Interconfederal firmado pola CEOE e a UGT.

Prodúcense numerosas mobilizacións o redor distes temas, que están igualmente presentes no Primeiro de Maio, xunto a regulación do dereito de Folga e proxecto de Lei Básica de Empleo.

Cabe destacar o Paro Xeral e multitudinaria manifestación celebrados en Ferrol e comarca o 15 de maio, contra o desmantelamento industrial.

ESPAÑA

Os pobos Vasco e Catalán refrendan no mes de outubro os seus Estatutos. Pouco despois elíxense os correspondentes parlamentos autónomos.

O 28 de febreiro Andalucía dá un sí rotundo a Autonomía pola vía do artículo 151 da Constitución. A UCD boicoteu o proceso de preparación do referendun e sigue boicoteando a vontade democrática expresada polos andaluces.

No mes de maio ten lugar

van dende o procesamento de García Salve ou do director de EL PAIS o secuestro repetido de EL LIBRO ROJO DEL COLE.

INTERNACIONAL

Retórnase a xeitos de guerra fría entre as grandes potencias. En Nicaragua desenrólase un enorme esforzo pra reconstruir o país e consolidar a revolución. Carter ordena unha fracasada incursión militar en Irán pra liberar os reenes americanos, con grave riesgo pra paz mundial. A URSS ocupa Afganistán cas súas tropas, acción que é condenada enérxicamente polos comunistas españoles. Nas derradeiras semanas anunciouse o inicio da retirada de estas tropas. EE.UU. e os seus satélites intenta sin éxito impedir a celebración da Olimpiada de Moscú. Certos gobernos, como o español, acordan no asistir, pero a súa decisión é descalificada polos deportistas, que estarán presentes niste importante encontro deportivo. Miles

ven da páx. 1

En 1976, e en anos posteriores, o PCG organiza actos conmemorativos do aniversario do 28 de Xuño do 1936, Día do Estatuto Galego, cicais a efemérides de máis forte contido político, social e espritoal, dende a perda da nosa personalidade nacional, escribe Ramón Suárez Picallo en NOVA GALIZA, número 6, 1-VII-1937, pra rematar afirmando que os que nun mañan teñan a outa misión de dirixir a vida pública do noso país galego, atoparán naquel Estatuto unha fonte caudalosa de orientacións e un índice de outos e nobels propósitos.

O 4 de Nadal de 1977 centos de miles de galegos maniféstanse pola autonomía, feito que se volve repetir dos anos despois, na mesma data, contra o Estatuto de UCD e pola auténtica autonomía. O 4 de Nadal é sen dúbida, a xornada nacional que conqueru maior poder de convocatoria, por riba de tódalas restantes datas que teñen motivado celebracións, incluído o 25 de Xulio de calquera das épocas. As razóns de tal éxito son:

a) foron convocatorias unitarias, e non motivo de loita interpartidaria, b) o movemento obreiro, a forza social galega máis dinámica, estivo no centro da preparación e realización do 4 de Nadal; c) estiveron vencelladas ó obxectivo inmediato da reconstrución nacional de Galicia (a loita pola auténtica autonomía); e d) organizáronse descentralizadamente. Ningunha destas características tiveron os 25 de Xulio, ben preparados unilateralmente polo BN-PG dende 1975, ben preparados multilateralmente polos partidos da esquerda galega, por separado ou por grupos, o que ven sucedendo con posterioridade ó 15 de Xuño do 77. A nova está en que a maior parte das forzas políticas reconocen xa o 25 de Xulio como Día de Galicia; inclusive a Xunta de Galicia decreta ese día como nacional de Galicia en 1978, pola presión da esquerda galega. Claro que unha cousa é que acordemos os partidos celebrar o 25 de Xulio e outra é que o acorde o pobo galego.

Tódalas xornadas antes enumeradas serviron para erguer a vontade nacional do noso país: obxectivo que Castela lle asignaba ó 25 de Xulio, festa que, pola súa longa tradición, está en condicións de consolidarse como Día de tódolos galegos. Non porque así o digamos os militantes dos partidos, senón porque o pobo así o sinta pasando a desenrollar múltiples iniciativas, en cada lugar de Galicia, co fin de que o que debe ser a meirande festa nacional, ádequira a realce necesario.

Sirva como referencia a organización popular do Día das Letras Galegas deste ano de 1980.

Aparte das festas locais ou de bisbarra, as parroquias, vilas e cidades galegas teñen que celebrar o 25 de Xulio con apoio dos axuntamentos democráticos e das asociacións veciñais ou culturais, xunto cos partidos e sindicatos, como festa propia, si ben cun contido político claro e concreto da reivindicación nacional. Estamos lonxe de telo conquerido.

Mentras non creemos as condicións unitarias e populares precisas, mentras predomine a confrontación partidaria sobre o indispensable carácter unitario e popular do Día de Galicia, o PCG, partido nacional galego, estará presente o 25 de Xulio de cada ano, erguendo a bandeira dunha plena asunción polos galegos da súa celebración, petando na ialma do pobo galego na percura dunha maior conciencia nacional e neste ano, impedindo que a autonomía de Galicia fique en máns dos caciques de sempre a través dun Estatuto devaluado, artellado pola UCD.

CARLOS BARROS



no Congreso dos Diputados o debate parlamentario sobre a política do Goberno, e o redor da moción de censura presentada polo PSOE. Gran interés popular e aislamiento da UCD.

A loita contra o terrorismo, representado especialmente polas ETA e pola escalada fascista sigue sendo unha preocupación central das forzas democráticas.

A dereitización da UCD exprésase tamén nos continuos atentados a liberdade de expresión, que chegaron a niveis gravísimos, que por decenas

de Cubanos, logo da ocupación da embajada de Perú na Habana, son autorizados a sair do país. O pobo cubano mobilízase masivamente en defensa das conquistas da revolución. Carter visita España. A súa visita é precedida polas declaracións de Marcelino Oreja en defensa da entrada na OTAN, que reciben o rechazo de tódalas forzas de esquerda.

O Rei D. Juan Carlos e propo-
to o premio nóbel da Paz.

• • •

EDITORIAL

O "NON" GALEGO E COMUNISTA

Pasamos, nos últimos meses tras da aprobación do Estatuto da UCD nas Cortes, dunha etapa de ofensiva e iniciativa unitaria da oposición galega contra do Estatuto da UCD, ofensiva que tuvo a cota máis outa o 4 de Nadal, a unha situación extremadamente grave, na cal as divisións e enfrontamentos da oposición galega pode permitir que UCD volva a infrinxir unha derrota histórica ó pobo galego.

Os rasgos máis destacados da actual situación son en primeiro lugar a crise do PSOE que tras da dimisión da súa comisión executiva queda paralizado políticamente hastra o seu congreso extraordinario, abrindo así un valeiro político de enormes dimensións políticas que limita calqueira resposta efectiva á estratexia da UCD, que sigue sendo impornos este Estatuto antigalego, agora a traveso dunha suposta negociación que o único que pretende é dividir e enfrontarnos á oposición e ademais traspasarnos ás forzas galegas a responsabilidade que só á UCD corresponde na actual situación no que se atopa o proceso estatutario galego.

O outro rasgo destacable da situación é a ruptura, de feito de Unidade Galega. Dos tres partidos que a compoñen o Partido Galeguista da un xiro á dereita a posicións proclives a negociar coa UCD, o PSG pasado con armas e bagaxes ó Bloque, abandonando así a loita pola Autonomía e o POG queda nunha situación de indefinición que intenta solucionar cunha manobra palaciega de cambio de nome, pero sen definir a súa política.

A ruptura de UG, é a plasmación da incapacidade do nacionalismo galego de concretar unha alternativa política sería ó marxe das declaracións altisonantes

de principios.

E decir, hoxe por hoxe, contra do Estatuto da UCD, e por unha auténtica Autonomía só esta o PCG. Dito doutro modo, o único partido que hoxe está en oposición á UCD e que ó mesmo tempo ofrece unha alternativa autonomista, constitucional ó nivel de vascos e cataláns é o P.C.G.

Neste contexto, é claro, que a UCD pode romper o aillamento no que se atopaba e pasar a unha ofensiva, que como queda dito permítelle volver a impoñer a súa lei ó noso pobo.

Pero a pesares de todo nós pensamos que a situación é recuperable, que a oposición galega debe comprender o momento histórico que vivimos non pode defraudar as esperanzas populares expresadas o 4 de Nadal, debe superar dunha vez por todas esa endémica división que tantas derrotas nos causou e tantas esperanzas defraudou.

O P.C. de Galicia fará todos os esforzos, adicará todas as súas enerxías á gran tarefa do momento actual: Recuperar a Unidade e iniciativa das forzas galegas contra do Estatuto da UCD e pola auténtica Autonomía, conscente que hoxe o carácter e responsabilidade Nacional dun partido mídese pola súa capacidade de superar as divisións das forzas populares galegas, pola súa capacidade de unilas, unico camiño de liberar a Galicia das duas lacras causantes da súa marxinalización: o centralismo e o caciquismo.

Este é o espírito con que os comunistas galegos celebramos este 25 de Xullo, coa esperanza de que o próximo sexa, de forma irreversible, o 25 de Xullo da Unidade.

ANXEL GUERREIRO



MODIFICACION DA LEI DE REFERENDUMS SOLE TURA EN NOME DO PCG

Jordi Solé Tura, en nome do PCG, defendeu no Parlamento o pasado día 12 de xunio a modificación da Lei de Referendum, pra que fora posible, no caso de que triunfe o NON, a elaboración inmediata dun novo Estatuto de Galicia, sin que deban esperarse cinco anos.

Logo de sinalar que o debate xirou en torno ó tema de Andalucía, lembró o Congreso dos Diputados que "...hay otra cuestión no menos grave que hoy parece dormir en un segundo plano, cuando lo cierto es que constituye un problema político y social de enorme envergadura, y me refiero al tema de Galicia."

"Son sobradamente conocidos —afirmó o deputado do PSUC— los avatares por los que pasó la elaboración y la aprobación del Estatuto de Autonomía de Galicia, con las dilaciones, tergiversaciones y componendas entre las diversas facciones de la UCD gallega y de la UCD central, auténticos chalanos en torno al tema electoral, etcétera. El resultado final fue un Estatuto rechazado, o por lo menos no aprobado, por todos los Grupos Parlamentarios, con la excepción de UCD."

"El proyecto de Estatuto —engadiu Solé Tura— provocó la repulsa masiva de un amplio sector de la opinión gallega, que se sintió, lógicamente, discriminada y agraviada por un texto que, tras reconocer formalmente la autonomía, la negaba prácticamente mediante el apartado 2 de la Disposición adicional

tercera. Ante esta situación de rechazo, el Gobierno ha optado, creo yo, por diluir el problema en el tiempo, retrasando la convocatoria del referéndum de ratificación previsto en el artículo 151, apartado 2 párrafo tercero, de la Constitución, relacionado con la Disposición transitoria segunda. Es de suponer que con ello se pretende desconcertar a la opinión gallega, sumiéndola en la pasividad y en el desinterés, para fomentar la abstención frente a las fuerzas partidarias de otra autonomía y que, por consiguiente, propugnan el voto negativo al actual texto."


Logo de sinalar que a Lei de Modalidades de Referendum pra expresión libre e conscente do pobo galego, o deputado comunista demostra o choque de esta Lei co espírito da Constitución, co que se legaliza a manobra dilatoria do Goberno e

penaliza brutalmente o voto negativo.

"Esto —o plazo de 5 años— no lo dice la Constitución, porque no se puede aplicar, analógicamente, lo que dispone el número 3 del artículo 143, que se refiere a un supuesto distinto de acceso a la autonomía. Con el número 3 del artículo 9 de la Ley Orgánica sobre el Referéndum lo que se pretende es colocar al pueblo gallego ante la disyuntiva de aceptar el actual proyecto de Estatuto o tener que esperar cinco años. Es como decirle: esto o nada; este Estatuto o nada. Además se deja un importante vacío que, en la práctica, puede llevar a esa misma disyuntiva"

"En definitiva —di mais adiante— el artículo 9 de la Ley Orgánica de Referéndum es un artículo dirigido contra las fuerzas políticas de Galicia partidarias del voto negativo, y, permítaseme la dura expresión, es un auténtico chantaje político a una opinión desorientada y confundida, que no encuentra más horizonte que aceptar el actual proyecto o entrar en la incógnita de un período de cinco años sin autonomía."

"Digo que ésta y no otra es la intención del artículo 9 porque la Ley Orgánica de Referén-



dum se elaboró cuando ya se había discutido y aprobado el Estatuto de Autonomía de Galicia, y se sabía cuál era la actitud y cuáles eran las perspectivas de voto de las diversas fuerzas políticas. Y ésta fue, por lo demás, otra de las razones profundas por las que el Grupo Parlamentario Comunista votó negativamente la Ley Orgánica de Referéndum"

"Pues bien, nuestra proposición de ley intenta dar una salida al tema levantando lo que hoy son obstáculos legales para la libre y auténtica expresión de la voluntad del pueblo gallego."

Logo de denunciar que as propostas feitas dende diversos ángulos parten da plena acepta-

ción do texto actual do Estatuto de Galicia, deixa en claro que as mesmas se basan en que o Congreso elabore as lexis que delimiten as competencias e outras cuestións, pra afirmar que "esto es precisamente lo que prevé la Disposición transitoria tercera del Estatuto Gallego, que es la que reduce la autonomía gallega a la nada, a simple papel mojado."

"Aceptar esta propuesta es, a nuestro entender, aceptar la negación de la autonomía gallega, dejando al albur de las futuras mayorías en el Congreso de los Diputados la delimitación del grado de autonomía de Galicia; es aceptar la puesta en práctica

pasa á páx. 8

a voz do povo 3

DO 15 DE OCTUBRE O 30 DE NOVEMBRO

ELECCIONS SINDICALES

O Consello Confederal de CC.OO. formulou, no mes de setembro do ano pasado a necesidade de chegar a un acordo pra convocatoria de eleccións sindicais. Esta proposta non foi aceptada pola UGT deica mediados de abril, en que pretendeu que aparecera como unha iniciativa propia. O 2 de maio pasado, o final dunha reunión entre dirixentes de CC.OO e U.G.T., firmábase polos Secretarios Xerais dos dous sindicatos maioritarios, Marcelino Camacho e Nicolás Redondo, o acordo convocando eleccións sindicais a celebrar do 15 de outubro o 30 de novembro.

O 24 de maio reuníanse a súa vez os Secretarios Xerais de CC.OO. e UGT de Galicia ratificando o acordo tido a nivel do Estado, o tempo que se tomaban acordos referentes a representación no Consello de Traballo de Galicia, IMAC, así como as enmendas a defender conxuntamente o proxecto de Decreto de constitución do Consello de Traballo.

Nicolás Redondo declarou en relación con iste acordo que o mesmo é positivo si se cumpre "xa que establece unhas garantías democráticas pro seu desenvolvemento, pra que se den resulta-

dos controvertidos e porque configurará o espectro sindical do país".


Marcelino Camacho, pola súa banda, manifestaría que o acordo é moi positivo e pode abrir vías pra outros temas importantes como o paro, o patrimonio sindical, a crisis e a instalación institucional das centrais na democracia".

CC.OO., e con Comisións o sindicalismo unitario, democrático e de clase, que esta central representa dende moito antes de que a liberdade sindical fora conquistada, ten unha batalla fundamental diante de

sí: *ganar as eleccións sindicais.*

No resumen a reunión de militantes obreiros comunistas celebrada os días 17 e 18 de maio último, Santiago Carrillo planteaba, en relación ca política sindical do PCE e a crisis, que "é preciso coller o touro polos cornos, ver os problemas tal cual son. Darnos conta de que entramos nunha batalla larga e difícil. Creo que é esencial, e que é deber noso, dos comunistas. Que nos temos equivocado, e non poucas veces, por impaciencia, por triunfalismo. Pero que nestas circunstancias temos de marchar cos pes moi pegados o chan".

Os comunistas temos que facer unha aportación esencial pra lograr o mais amplo triunfo de CC.OO. nas eleccións.



Galicia con voz no Parlamento

O Partido Comunista de Galicia ten constituído un gabinete parlamentario co fin de levar ó Parlamento español os problemas sociais, políticos e culturais de Galicia.

A articulación organizativa do PCG, partido de ámbito galego, no PCE, partido de ámbito estatal, fai posible que, aínda non habendo deputados comunistas galegos no Congreso de Diputados, o PCG interveña na actividade parlamentaria a través do grupo parlamentario PCE-PSUC.

Deste xeito, as posicións do PCG foron defendidas polo GPC na Comisión Constitucional á hora de rexeitar o Estatuto da UCD, e no Congreso, preguntando ó Goberno pola data do Referendum (UCD non respostou, trasgredindo o reglamento da Cámara), planteando o por qué da oposición galega ó Estatuto da UCD no debate da moción de censura e presentando unha reforma da Lei orgánica de Referendum que permitise a redacción dun novo Estatuto no caso de que nunha ou varias provincias resultase vencedor o non.

Coidamos que ningún outro partido galego, ou Grupo Parlamentario do Congreso de Diputados, defendeu con semellante tesón e coherencia a nivel parlamentario o obxectivo prioritario para Galicia de conquistar unha autonomía á altura de Euzkadi e Catalunya.

Outras actuacións do gabinete parlamentario do PCG, a través do Grupo Parlamentario Comunista foron as seguintes:

- Proposición non de Lei pra ampliación do aeroporto de Vigo.
- Interpelación parlamentaria en relación ca defensa dos postos de traballo na empresa Alvarez, S.A.
- Pregunta ó Goberno en relación ca integración de Censa en Duro Felguera.
- Proposición non de Lei sobre política pesqueira.
- Pregunta ó Goberno sobre a situación da Sociedade Anónima laboral de Regojo.
- Pregunta en relación ca gasolina pra pesca.
- Pregunta en relación o Colexio dos Exágonos da Coruña.
- Pregunta sobre as prácticas antisindicales de Citroen, S.A.
- Proposición de Lei pra modificación de sancións na pesca.
- Pregunta en relación cas agresións que tiveron lugar en Arousa.
- Pregunta sobre medidas pro mantemento dos postos de traballo en Unión Cradytor, S.A. de Ourense.
- Pregunta sobre os problemas de comercio, importación e exportación, que determinan o mantemento de emprego nas Fábricas de Lápicos de Ferrol.
- Pregunta en relación cos obstáculos que pro ensino en galego supón o Decreto de Bilingüismo e o trato discriminatorio dado neste tema a Galicia en relación cos Decretos promulgados pro País Vasco e Catalunya.

Especial importancia pra Galicia ten tamén a proposición de Ley de Bases sobre Emigración, presentada polo Grupo Parlamentario Comunista.



O 2 de Agosto en Parga PRIMEIRA FESTA DO EMIGRANTE

Organizada polo Centro Galego de Bruselas xuntamente coa Comisión de Festas de Parga, o primeiro sábado do mes de Agosto terá lugar A PRIMEIRA FESTA DO EMIGRANTE en Parga (Lugo). Entidades bancarias, comerciantes, axuntamento e todo o pobo lles presta axuda. ¡Que vos resulte unha boa festa!

PROGRAMA:

14,30: Sardiñada popular

17,30: Fútbol, selección emigrantes-Parga C.F.

20,00: Actuacións de:

Grupo Danzas "O noso tempo"

Grupo Folklórico de Bruselas

Humorista enxebre: Xosé M. Carballo.

21,30: Verbeña popular, conxunto Tambo (Pontevedra)

4 a voz do povo

14 Víctimas mais da Política da UCD

Setembro de 1975: A vida de Franco acértese ó seu fin. Hassan II prepara a marcha verde. Juan Carlos trasládase a Villa Cisneros para prometer que España non abandonaría ós habitantes do Sahara, que naqueles momentos eran súbditos españoles. Solís trasládase a Marruecos para defendé-los intereses da clase política que esperaba herdar o poder político á morte de Frnaco. Ao final, estes intereses se impoñen aínda que para elo teñase que pagar un precio: a traición ao pobo saharauí. Fírmase o acordo tripartito en Madrid, a consecuencia do cal o territorio do pobo saharauí divídese en dous, sendo entregado un anaco a Marruecos e outro a Mauritania.

Dende entón hastra agora dous feitos: a heroica loita do pobo saharauí pola súa liberación e a difícil situación dos traballadores do mar que faenan naquelas augas. O Goberno da UCD firma un acordo pesqueiro con Marruecos onde se regula a pesca dos barcos españoles nas augas que lle pertencen ó pobo saharauí. Dito acordo é aprobado polo Parlamento español a finais do 77 coa oposición dos comunistas e socialistas, pero é hoxe o día en que aínda está sen ratificar por Marruecos. Gracias a este acordo, Marruecos apresa constantemente os nosos barcos seguindo unha política de chantaxe sen que por parte do Goberno da UCD se poñan medios para evitalo. O Frente Polisario, defendendo as súas riquezas, tamén apresa os nosos barcos. Esixen que o Goberno da UCD negocie con eles o dereito a pescar nas súas augas e as condicións en que se vai desenrolar dita pesca. Os tripulantes do Mavisuca; Enrique de Aguinaga; 16 Maru, Villa de Marín, etc. — ou sexa os traballadores do mar —, son os que sofren as consecuencias desa política. A UCD pecha os seus oídos e dí que “na pesca non pasa nada” ¿Deica cando?.

Co apresamento dos tripulantes do Garmo-Mar, son 14 novas vítimas da política pesqueira do Goberno da UCD.

XAVIER OTERO mantivo, para A VOZ DO POBO, unha conversa con Dolores Abeijón, familiar dun dos mariñeiros do Garmo-Mar, e González Groveiro, alcalde do Porto do Son, en relación co apresamento da tripulación deste pesqueiro.

Dolores, esposa do xefe de máquinas do barco conta a angustia dos primeiros momentos de coñecida a noticia. A manipulación da cinta que Fernández Calviño lles fixo grabar para enviar aos seus familiares.

“Cando estaba grabando, preguntóme cántos anos tiñan os meus fillos. Eu falaba para o meu marido, e il xa sabe cántos anos teñen os fillos. E resulta que ó día seguinte saléu a cinta nas emisoras, falando nós e mais falando Fernández Calviño”. Conta tamén cómo o Conselleiro de Pesca expulsou a Tito Ucha da xuntanza, alegando que non era familiar, cousa que non fixo con outras personas. Enviaron telegramas que non tiveron resposta aos Ministros de Transportes, de Asuntos Exteriores, ao Presidente do Goberno. . . Ante a incertidumbre unha comisión de familiares saléu para Madrid. “Marcelino Oreja recibéunos tan pronto

como chegamos —explica Dolores—, pero o que nos fixo foi un desastre. Nen nos mandou sentar. Dixo que os do Frente Polisario eran terroristas como os da Eta e que eles con terroristas non trataban. E Robles Piquer dixo que a pesca lles estaba dando moitos quebradeiros de cabeza, e que “muerto el perro se acabó la rabia”. Viñemos de Madrid desesperados.

Unha carta a Reina sen resposta. Unha cita ós familiares para o Goberno Civil da Coruña, para saber “somentes quén iba ser o responsable da concentración de Noia. Eu díxenlle que era eu, pero que me contestara quén era o responsable da nosa xente. E réuse”.

Dolores fixera xa a mesma pregunta “a un señor do Goberno”. E por elo pídenos que digamos na VOZ DO POBO que o Sr. Suárez non veña a Galicia. “Porque o Goberno non quere prensa sobre

este caso, e como ese señor veña Galicia, vai ter prensa, e boa. Porque donde vaia ese señor eu hei de ir.”

O mesmo día en que se celebró esta conversa, Dolores puxo un telegrama pedindo ser canxeada polo marido “porque eu estou sana e él non”.

Xestións coa prensa, alcaldes, partidos. A comisión de familiares, integrada por Margarita Blanco, Eusebio García, Ernesto Soto, Rosario Moledo, Carmen Iglesias, Antonio Quiroga, Rosario Pastoriza, e a propia Dolores Abeijón, non descansa. A liberación dos seus familiares así o impón.

Pola súa banda, Antonio González Groveiro, alcalde do Porto do Son, declarou: “A administración Central está tratando en todo momento de inhibirse do problema e mesmo tratar de apagar un lume que se pode encender, por

parte dos familiares destes mariñeiros.

A clase traballadora está moi sensibilizada ante este problema e está disposta a mobilizarse para presionar a un Goberno que se ve que en todos os aspectos —dende que tomou cargo do poder— vai en decadencia.

E vese que están desentendéndose do problema no feito de invitar, por medio da Xunta de Galicia, ós familiares destes mariñeiros, a que se foran a un hotel de Canarias con todo pago.

Está claro que eso era co único afán de sacálos de aquí, de Galicia, para que non fixeran moito ruido. Posto que a UCD xa está escorada aquí en Galicia e téñenlle moito medo a un Referendum ao Estatuto de Galicia. A imaxen deles está totalmente deteriorada e por eso toman esa postura de inhibición e de apagar un problema que está candente e que preocupa moito a todos os sectores, principalmente ó do mar que é fundamental en Galicia.



A UCD NON CUMPLE

Fai un ano, o 29 de xulio, o Secretario Xeral do PCG levaba ca súa presenza na Asamblea convocada polas SS.AA., SAGA e Comisión de Cámaras Agrarias Locales en Santiago, o apoio dos comunistas os campesinos galegos afectados por moitos e graves problemas. Esta actitude foi sempre e sigue sendo oxe unha constante na línea de actuación do PCG en defensa dos intereses de agricultores e gandeiros.



Por aquelas datas, e a través do Grupo Parlamentario Comunista, o PCG interpelou o Goberno sobre a entrega dos 400 millóns adeudados dende 1976 os produtores de leite.

Nos meses seguintes, ante ameazas como o proxecto de Estatuto do Leite, ou a negativa a negociar un precio xusto pra iste produto, os campesinos galegos levaron acabo diversas accións, convocadas polas SS.AA., como os peches na División Rexional do Ministerio de Agricultura na Coruña, e nas Delegacións Provinciais, así como unha concentración ante a Xunta de Galicia. O mesmo tempo, representantes das SS.AA. e demais sindicatos de Asturias, Santander, Euzkadi e León integrados na COAG, permanecían as portas do Ministe-

rio de Agricultura en Madrid esixindo negociar un precio xusto pros productos gandeiros así como un plan de política global pro sector.

Mentras continúan as negociacións gubernamentais pro ingreso de España na CEE de costas os campesinos, desvirtuando a súa representatividade co montaxe dunha Confederación de Cámaras Agrarias, os compromisos firmados nas medidas complementarias os prezos de campaña pra 1978 e 1979 son incumplidos no fundamental. Prova de elo é que a estas alturas aínda non se abriron as negociacións pro cambio do sistema de cotización por "xornadas teóricas" pra Seguridade Social Agraria, que debería rexir a partir de 1981. O único que se fai por parte do Goberno é manter as ameazas

de embargos os campesinos que co NON PAGAR impuxeron a firma de ises compromisos e oxe esixen o seu cumprimento.

O programa de cambio pra agricultura presentado por Lamo de Espinosa no Parlamento quedou en papel mollado, i o programa económico presentado por Abril Martorel en nome do Goberno ignora a agricultura e gandeiría.

A Administración, ca complicidade das organizacións caciquiles e dos grandes terratenientes (tamén a FTT da UGT) integrados no Frente Agrario, decide que non haxa no futuro negociacións de prezos, impondo éstos por decreto. Esta manobra lévase a cabo marxinando a COAG de calquer negociación. Impídese así a participación dos agricultores na elaboración de unha política global e de cambio de estruturas, distanciando cada vez mais a renta dos agricultores e gandeiros dos demais sectores.

O 20 de xaneiro, miles de viticultores do Ribeiro manifestáronse, convocados polas SSAA pola urxente democratización do Consello Regulador e contra o fraude nos viños. Marcelino Camacho estivo presente neste acto.

O PCG apoiou activamente a Xornada do 24 de febreiro contra a política agraria do Goberno e por un plan negociado de política agropecuaria pra Galicia. As SS.AA. reuniron nesta xornada a dous mil campesinos en diversas concentracións comarcales.

A situación ruín dos produtores de carne, afectados polas importacións, a esixencia de un precio xusto por leite e medidas pra rentabilización das explotacións gandeiras; as subvencións o gasoil agrícola; o aumento do precio dos piensos e fertilizantes; a anulación da Cuota Empresarial da Seguridade Social Agraria e a retirada das ameazas de

embargos e recargos, as normas de comercialización do leite; a preocupación ante a falta de unha política global que evite o trauma que de non levarse a cabo reformas profundas representaría a entrada no MCE pra agricultura galega, son algunhas das constantes das loitas que os campesinos veñen levando a cabo.

Nas derradeiras semanas, o Congreso de Diputados aprobou a nova Lei de Montes Veciñais, na que se incorporaron importantes enmiendas presentadas polo PCG a través do Grupo Parlamentario Comunista.

Outras leis, de gran importancia pra Galicia, como son as de Cooperativas e de Agricultura de Montaña, así como o Estatuto da Explotación Familiar, están nistes momentos en trámite de discusión.

A Xunta de Galicia iñorou por completo as reivindicacións defendidas polos agricultores.

PROPOSTAS DO PCG AO PSG E AO POG

O PCG, seguindo os criterios aprobados na súa II Conferencia Nacional, propuxo ao POG e mais ao PSG encetar unha unidade de acción:

- por unha auténtica autonomía e polo NON ó Estatuto de UCD.
- na posta en práctica do "Pacto do Hostal" da esquerda municipal galega.
- por un sindicato agrario galego unitario
- a potenciación dunha revista galega de teoría e debate, entre outros temas que podan acordarse bi ou trilateralmente.

Deica hoxe ningún destes partidos respondéu nun sentido ou noutro.

A medio ou longo prazo o PCG entende necesario unha converxencia organizativa pra construción do partido galego de clase, marxista e revolucionario que Galicia precisa.

ACTOS DO 25 DE XULIO

MITINS-FESTA

VIGO, coa participación de Fernando Soto, Secretario Xeral do P.C.A.
A CORUÑA, con Antonio Gutierrez, Secretario Xeral do P.S.U.C.
VILAGARCIA, coa participación de Julio Anguita, alcalde de Córdoba.
RIBEIRA, onde tamén estará Julio Anguita.

AXUNTAMENTOS ABRIR PORTAS A PARTICIPACION

A pesares da prolongación das negociacións das forzas de esquerda (PSOE,UG,PCG), para a renovación do pacto municipal do Hostal, e a pesares tamén das falsas alarmas de ruptura do mesmo e de algúns incidentes locais que chegaron a situacións límite, o pacto mantívose, renovouse e millorouse sustancialmente, froito dunha reflexión realista das forzas firmantes.

E preciso empezar por dicir esto cando se fala dos problemas da vida municipal en Galicia, pois a forza de problemas irresoltos, de roces repetidos, e cómo non, da cerrazón ás veces dalgúns partidos na súa postura, xurde en ocasións por parte dos veciños, das mesmas asociacións que compoñen o movemento cidadán e incluso de militantes dos mesmos partidos, unha reacción de minusvaloración da importancia da unidade e de demanda de posicións sectorias e por elo perigosas.

Non se trata de negar os defectos cometidos polas corporacións de esquerda. E un deles, tal vez o mais xeneralizable, é o de non haber realizado o suficiente esforzo por abrir as portas dos axuntamentos; por promover unha información continua, clara e sinxela, por abrir canles de participación e recoñecer o papel das AA.VV.

Pero a pesares deses defectos superables ahí temos o pacto municipal renovado como poderoso instrumento para logralo, hai que facer unha clara diferenciación entre unha esquerda que a pesar da inexperiencia dá seus primeiros pasos por cambiar a situación herdada, e unha dereita personificada na UCD, que é o puro continuismo dos métodos do pasado. Sobran argumentos para marcar esas diferencias: desde a labora obstrucionista e paralizante que leva UCD na oposición como se veu na Coruña e O Grove, pasando polo descara-


do autoritarismo e presidencialismo, exemplo que encarna á perfección o alcalde da UCD da Poboá, Durán, e culminando nese gran centro de caciqueo que siguen sendo as diputacións provinciais.

E falando de caciqueo e cómo non, de sustracción de competencias ós Axuntamentos, e polo tanto de minusvaloración do seu papel, ahí temos o "inxenioso invento" do plan de acción comunitaria da Diputación Coruñesa.

Saltando por riba dos axuntamentos, pois a súa función límitase ó visto bó dos alcaldes ás peticións dos veciños dirixidas directamente á Diputación, ésta pretende repartir millóns e a saber con qué criterios.

O que si se sabe, é que alí onde existe unha corporación de esquerda ou mínimamente progresista, que se preocupou de seleccionar aquelas obras mais necesarias que o axuntamento, por carencia de fondos, non poida realizar cos seus propios medios, e favorecen a que os veciños se acollan a dito Plan enviando solicitudes, a UCD, en traballo paralelo ao marxe da corporación propuxo outras obras distintas, facendo aberta campaña de que éstas serán aceptadas por ser a "Diputación deles".

¿Cómo xustifica a UCD este anormal modo de proceder que marxina aos axuntamentos na súa función e favorece abertamente o caciquismo?. Argumentase que así con menos mi-



NOTAS ENCOL DA CRISIS ECONOMICA EN GALICIA

Con tódalas simplificacións que se derivan de sintetizar en tan cativo espazo unha problemática tan complexa, poideríanse apuntar como elementos esenciais da crisis económica en Galicia os seguintes:

1) O seu carácter estrutural, que acadou uns niveis de intensidade sin precedentes. De feito os factores interiores i exteriores han provocado a ruptura do modelo económico no que se apoiou a economía galega perante as dúas derradeiras décadas. A crisis ou canto menos a conxelación das expectativas e crecemento dos seus sectores básicos e o peche da válvula emigratoria —hoxe con retornos superiores as saídas—, están provocando crecentes niveis de paro social en Galicia, de xeito que contabilizando os desempregados por crisis ou despido, a poboación que aínda non conseguiu o primeiro posto de traballo e o chamado emprego desanimado, poden supoñer unhas 125.000 persoas que supoñen o 5 por cento do paro social en España.

2) O neoliberalismo teórico e o neoproteccionismo real como política económica fronte á crisis. Tales son respectivamente as declaracións dos responsables do Goberno e da CEOE, "suavizadas" polo efectivo proteccionismo sectorial e coiuntural das medidas prácticas da administración económica en favor da gran burguesía e do capital extranxeiro. Aderezado por suposto co tradicional burocratismo da administración económica española.

Conter o sector público, limitar o campo das entidades oficiais ou paraoficiais de crédito pra ampliar os recursos a disposición do capital privado, limitar o alcance da reforma fiscal nas súas vertentes mais progresivas, e limitar riscos as operacións do sector privado, tales son as directrices básicas do programa da CEOE, recollido no sustancial —cas lóxicas contradicións— polo goberno da UCD.

3) Sacrificio da política de equilibrios territoriais. A que se lle confire un carácter residual e subordinado de carácter asistencial. Os programas de emprego comunitario, medidas lexislativas como a Lei de Canon da enerxía eléctrica, as Sodis e as Gaeis, e os programas locais puntuales, son os instrumentos que en función da problemática política relativa de cada "región" dictan as intensidades e carácter da política territorial, craramente subsidiarias dunha política económica de clase, e que vertebrada sectorialmente, tende a favorecer as actuais concentracións económicas territoriais.

4) Acentuación da dependencia económica de Galicia. Ao non constituir un espazo "natural" de acumulación económica e verse postergadas as súas posibilidades pola política económica actual, non contando por outra banda con axentes económicos e institucionais con peso específico na dirección da política económica estatal, as actuacións da empresa pública en Galicia perante a crisis tende a recortar a súa esfera de intervención e desenrolo, as institucións de crédito ven aumentados os incentivos e as posibilidades de trasvasar aforros; e a cativa burguesía galega tenta atopar unhas bases de mantemento económico local e de lograr un lugar baixo o sol, na nova redistribución do poder económico que propiciada pola crisis estase a realizar no capitalismo español, por medio de alineamentos en modo algún "regionalistas", senón dun seguidismo subordinado, cos centros de poder económico e político.

5) Mais que rematar estas notas con propostas de programa económico alternativo, considero preferible sinalar como outro dos elementos da crisis a falla de condicións políticas pra forzar unha alternativa progresista e solidaria a crisis. Sen o acordo da esquerda a nivel xeral de España non é posible superar a política defensiva por parte dos traballadores así como a política de tiróns e agravios comparativos dos distintos espazos económicos. En parte reflexo dista carencia estatal, i en parte por características propias das forzas políticas galegas, as perspectivas económicas pra Galicia non teñen traza de cambear a traxectoria actual. A especial división programática e práctica ante os problemas económicos de Galicia por parte dos diferentes partidos é, lamentablemente, unha "particularidade nacional-galega" da nosa crisis económica.

Pedro Arias Veira.

llóns farase maior volume de obra, pois os veciños deben de aportar como mínimo o 50 por cen.

Engañoso tamén o argumento, pois polo que se ve, gran parte das solicitudes foron enviadas "inflando" o presuposto, polo que o que aparentemente é unha aportación veciñal do 50 por cen ou o 60, na práctica vai ser moito menos. Pero ¿é que con este argumento se pode xustificar que un organismo de carácter tan dudosamente democrático, por proceder dunha elección indirecta, con aplicación reiterada de criterios de beneficio ás maiorías, como é a Diputación, decida, ignorando ós representantes directos dos veciños que son os Axuntamentos cáles obras son

mais necesarias, e ónde se van facer?.

Así é como fai campaña electoral o partido do poder, cos cartos de todos, e ignorando ós auténticos representantes dos veciños.

Por elo debemos evitar que os "albres non nos deixen ver o bosco". Certo que hai división na esquerda, que ésta acentuouse coa ruptura de U.G. o que vai ter a súa repercusión municipal, pero o camiño é claro para defender os intereses de Galicia, e das capas populares: reforzar a unidade aplicando o Pacto do Hostal a cada municipio. Elaborar programas de actuación conxuntos, constituir xuntas de coordinación das forzas de esquerda, abrir portas á información e participación.

E nós, comunistas, ademais de todo eso, prestar unha gran atención ó desenrolo e fortalecemento do movemento cidadán. Impulsar a transformación das coordinadoras de AA.VV. en federacións, resituar a actividade de éstas, transformando o que nacéu como un movemento reivindicativo, nun movemento social e cultural que facilite a agregación social, a participación veciñal e un novo tipo de convivencia e solidariedade cidadán.

A reconstrucción nacional de Galicia pasa por unha renovación da vida municipal, e unha potenciación do peso de esta institución no panorama político galego.

XULIO P. DE LA FUENTE

a voz do povo 7

UNHA CULTURA AO SERVIZO DE TODO O POBO

Calquera observador máis ou menos atento do feito cultural galego non pode por menos de valorar algúns dos pasos importantes que nos derradeiros meses se deron no proceso de reconstrución do noso país e dentro da práctica cultural.

Desde a desaparición física de Luis Seoane, Eduardo Blanco Amor e Celso Emilio Ferreiro, exponentes universais do noso arte, poesía e creación literaria, hastra o espacio que a clase obreira pasou a ocupar na defensa da nosa identidade cultural, tendo como valiosísimo exponente o homenaxe en Santiago a Celso Emilio, que constituíu o acto cultural máis masivo da nosa historia e mesmo o homenaxe que o concello do Grove adicou ó inesquecible Luis Seoane, sucedéronse pasos importantes na recuperación da nosa identidade e na consecución de instrumentos que permitan impulsar a cultura do noso pobo.

Así, e paralelamente á nova situación creada pola conquista de novos espacios de poder (fundamentalmente a constitución de axuntamentos democráticos), xunto coa resposta popular aos novos intentos de perpetración do poder caciquil a través das agresións á nosa autonomía por parte da UCD, este período conocéu un desenvolvemento importante na recuperación da nosa lingua e cultura (recuperación da toponimia popular, rechazo do decreto de bilingüismo, recuperación de festas populares en trance de desaparición, aumento espectacular da produción editorial galega, etc...).

A música experimentou tamén un desenvolvemento importante, coa aparición da primeira editora discográfica galega e coa formación da orquesta

de Santiago e a recuperación da nosa música medieval polo grupo de cámara da Universidade e grupos de música popular (DOA, MILLADOIRO, ...)


Noustante son aínda graves os atrancos que ven sufrindo o noso teatro e a falla dun marco que propicie unha cinematografía nosa.

Con todo, e deixando pola premura de tempo moitas cousas no tinteiro, convén suliñar que os medios fundamentais pra conseguir un verdadeiro e efectivo salto adiante, siguen hoxe en máns de intereses antipopulares. Así, Prensa, Radio e Televisión non cambiaron practicamente nada e o seu labor sigue sendo o de control político sobre as xustas aspiracións dunha cultura ao servizo de todo o pobo.

Por outra banda, os recortes e atentados á liberdade de expresión sitúanos hoxe nun momento especialmente crítico e ante o que temos que adoptar unha postura rixida en defensa dos dereitos que a constitución consagra.

Por outra parte, debemos ter en conta que non haberá posta ao día da nosa cultura sin un marco que favorezca o seu libre desenvolvemento. Marco que, estamos convencidos, non se dará mentras non podamos disfrutar dunha auténtica autonomía, é dicir, xustamente a que UCD, hoxe por hoxe, non garantiza en absoluto.

A. MEJUTO



CARA A FEDERACION DOS CENTROS DE EMIGRANTES GALEGOS EN EUROPA NACEU O X.O.G.E.

Os días 2 e 3 de febreiro deste ano reuníanse en Bruselas representantes de organizacións de emigrantes galegos de Holanda, Alemaña e Bélxica, que ca adhesión de asociacións de Francia e Inglaterra constituiron a Xunta de Organizacións Galegas en Europa (X.O.G.E.), dando así o primeiro paso pra súa federación.

Nesta reunión inicial acordouse celebrar o "Día de Galicia na Emigración", así como preparar un Congreso da Emigración Galega en Santiago.

Os días 1 e 2 de marzo terá lugar unha nova xuntanza, esta vez en París, na que se darán interesantes pasos pra definir o X.O.G.E. en relación con temas fundamentais pra emigración no seu conxunto e pra Galicia.

Neste senso cabe destacar a definición do X.O.G.E. en relación co Congreso da Emigración Española, valorando a importancia de iste e a necesidade de que os problemas dos emigrantes galegos teñan un tratamento específico no mesmo.

"O X.O.G.E. rexeita o actual Estatuto e loita polos dereitos nacionais do pobo galego". Con esta toma de postura, esta Xunta de Organizacións Galegas en Europa une a súa voz a das forzas democráticas e das amplias correntes autonomistas galegas contra o intento da UCD de impoñer o seu Estatuto.

Igualmente valiosa foi nises momentos a decisión de "solidarizarse ca loita autonómica do pobo Andaluz e condenar a aldraxante discriminación da que o quer facer vítima o Goberno de Madrid".

A NECESARIA CONTINUIDADE

Istes primeiros pasos, xa importantes, terán de continuarse, ampliando a participación e avanzando na profundización dos problemas da emigración en xeral e dos específicos dos traballadores galegos, e nos referentes a Galicia, que neste momento teñen o seu centro na campaña de cara o referendun polo NON o Estatuto da UCD.



ven da pàx. 3

de las llamadas leyes competenciales y entrar en el juego que se pretende evitar con el rechazo del actual texto del Estatuto Gallego."

Logo de deixar sentado que "El único acuerdo posible, a nuestro entender, pasa por abrir la puerta a una modificación del texto del Estatuto Gallego en caso de que prospere el

voto negativo"

Jordi Solé Tura, dixo que coa proposta de modificación da Lei feita polo Grupo Parlamentario Comunista, do que se trata é de "introducir un elemento nuevo, cual es la posibilidad de optar por rehacer el Estatuto."

Os votos da UCD, moitos deles de deputados galegos, impe-

diron que se abriera unha esperanza pra autonomía de Galicia.

"No se puede identificar —dixo ó final da intervención— la exigencia de autonomía con la pura aceptación de un proyecto que hoy sólo cuenta con la aprobación de UCD".